



DATOS IDENTIFICATIVOS

Obradoiro de produción de textos literarios

Materia	Obradoiro de produción de textos literarios			
Código	V01G160V01910			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Navaza Blanco, Gonzalo			
Profesorado	Navaza Blanco, Gonzalo			
Correo-e	gnavaza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Prácticas de construción e revisión de textos literarios			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Recoñecer diferentes tipos de textos literarios, xéneros, modos de expresión, formas e fórmulas textuais, tópicos e tradicións literarias.	A3	B2
Recoñecer a literariedade dun texto e adquirir hábitos de reflexión sobre os recursos expresivos da linguaxe.	A4	B4
Adquirir destreza na confección de textos literarios a partir da imitación de modelos propostos.	A6	
Familiarizarse con algúns procedementos de creación de textos literarios.	A7	
	A8	
	A9	

Contidos

Tema

1. A literatura.	1.1. A función poética da linguaxe. A forma literaria. 1.2. Denotación e connotación. Mímese e creación. Xéneros e modelos literarios.
2. A Poesía.	2.1. Modelos de textos poéticos. 2.2. Prácticas de tradución e creación.
3. A Narrativa.	3.1. Modelos de textos narrativos. 3.2. Prácticas de tradución e creación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	6	6	12
Obradoiros	12	24	36
Presentacións/exposicións	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	12	18
Proxectos	10	20	30
Traballos tutelados	10	20	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Exposición dos obxectivos da materia e do desenvolvemento do curso. Introdución á literatura. A confección de textos literarios.
Obradoiros	Confección de diferentes tipos de textos literarios a partir de modelos propostos.
Presentacións/exposicións	Lectura dos textos confeccionados, acompañada de análise e discusión.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prácticas de redacción. Corrección e modificación de textos. Cambios de rexistros. Procedementos de creación de textos.
Proxectos	No remate do curso cada estudante deberá presentar un Proxecto que será obxecto de avaliación. Consta de dúas partes. A primeira é un traballo tutelado (v.) e a segunda os diferentes textos que confeccionou no obradoiro ao longo do curso.
Traballos tutelados	Un texto literario de doce mil caracteres.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Un texto literario de doce mil caracteres. Cada asistente debe presentar a súa proposta antes de mediado o segundo mes do obradoiro; para realizala terá de prazo ata o final do cuadrimestre. As revisións personalizadas realízanse ben na titoría ou ben vía e-mail.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Obradoiros	Prácticas realizadas na aula	35
Presentacións/exposicións	Exposicións na aula, participación nos debates, discusións e análises que se realizan na aula.	25
Traballos tutelados	Creación de textos literarios segundo modelos formais previamente establecidos	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que opte por unha avaliación única deberá presentar un traballo de 24000 caracteres (70%) e elaborar diversos textos conforme a modelos previamente establecidos (30%).

A menos que se fixe outra data durante o curso, o prazo para a presentación dos traballos será a semana en que rematan as clases do curso.

Na segunda edición das actas deberá presentarse un novo proxecto (traballo e textos confeccionados) ou ben o da primeira edición coas correccións pertinentes.

Os traballos presentados han de ser orixinais. Penalizarase o plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

VV.AA. Obradoiro de lingua Gianni Rodari (2004): *Gramática insubordinada*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

VV.AA. Oulipo (2011): *Atlas de littérature potentielle*. Paris: Folio.

Recomendacións

Outros comentarios

Dado que un dos obxectivos primordiais do curso é a exploración dos recursos expresivos da lingua galega, esta será a lingua dos traballos realizados, tanto os das prácticas da aula coma os dos proxectos tutelados sometidos a avaliación.
